

# ELECTRICIDADE E ELECTRÓNICA



TECNOLOXÍA E ENXEÑERÍA I



## Guía de instalación

<b>GUÍA DE INSTALACIÓN.....</b>	<b>3</b>
<b>1. Información técnica xeral.....</b>	<b>3</b>
<b>2. Instalación.....</b>	<b>4</b>


# GUÍA DE INSTALACIÓN

## 1. Información técnica xeral

O presente ODE está deseñado na plataforma **Moodle 3.9**, xa que é o **LMS**<sup>1</sup> empregado na etapa de bacharelato. Ademais, os cursos de Moodle son completamente compatibles e reutilizables na plataforma **E-Dixgal** da Consellería de Educación, que se emprega na etapa da ESO.

Está concebido para distribuído nun **ficheiro .mbz**<sup>2</sup> e restaurado polos usuarios nos seus cursos de Moodle ou de [E-dixgal](#).

Moodle conta cunha comunidade que se ocupa de elaborar a documentación de guía e axuda, chamada **Moodle docs** que se pode atopar en castelán [neste enlace](#) ou na propia Aula Virtual do centro premendo no enlace á documentación que se atopa na parte inferior da páxina do navegador e que ten esta aparencia:



Moodle é compatible con **calquera navegador** que cumpla cos estándares actuais en PC's de escritorio e móbiles e ademais conta cunha aplicación para Android e IOS chamada **Moodle App**.

Os contidos dispoñibles no curso preséntanse na súa maioría nos seguintes formatos:

- **PDF:** para os documentos de texto descargables.
- **H5P:** para os contidos interactivos (cuestionarios, vídeos, etc). Para elaborar estes contidos empregouse o plugin H5P que proporciona Moodle. H5P facilita crear, compartir e reutilizar aplicacións e contido **HTML5**.
- **Actividades e recursos de Moodle:** etiquetas, tarefas, ficheiros, etc.

O feito de distribuír o curso en Moodle permite, entre outras, as seguintes vantaxes ao profesorado e alumnado que o empregue:

- **Personalización:** o tema do curso é totalmente personalizable en canto a aparencia e distribución de contidos e recursos.
- **Reutilización:** o curso pode exportarse a un ficheiro .mbz e empregarse en outras aulas virtuais. Os contidos H5P poden ser descargados para a súa reutilización.
- **Dispoñibilidade:** como xa se comentou é accesible dende calquera navegador e conta cunha aplicación propia.
- **Accesibilidade:** a interfaz é intuitiva e, como xa dixemos permite a personalización, facilitando así a adaptación do curso ao DUA.

Para a elaboración de logotipos, esquemas, ilustracións e vídeos empregouse a plataforma [Canva](#). Canva é un sitio web de deseño gráfico e composición de imaxes para a comunicación, que ofrece ferramentas en liña para crear os deseños.

---

<sup>1</sup> Learning Management System: Sistema de xestión de aprendizaxe.

<sup>2</sup> Moodle Backup Files


A voz empregada nos vídeos foi xerada dixitalmente empregando [Voicemaker](#), unha IA que permite crear audios a partir de texto e que, ofrece a posibilidade de empregar o galego.

## 2. Instalación

Para ter o curso dispoñible en Moodle débese que seguir o proceso de **restauración**.

Os pasos a seguir son os seguintes:

1. Descarga o ficheiro **Copia de seguridade para en Moodle** que podes atopar na sección de *Descarga* no tema “*Información xeral*” do curso.
  - a. Este ficheiro terá extensión **.mbz**
2. Accede ao curso onde queres restaurar o contido.
3. Busca o bloque **Administración** e selecciona a opción **Restaurar**.



4. Abrirase unha pantalla de nome: **Restaurar curso**. Dirixete ao apartado con título **Importar un ficheiro de copia de seguridade**:
  - a. Selecciona o ficheiro .mbz descargado anteriormente. Podes facelo mediante a búsqueda nos cartafoles do ordenador (**Escolla un ficheiro**) ou arrastrando e soltando o ficheiro no recadro (**Arrastre e solte aquí os ficheiros para enviar**).
  - b. Prema no botón **Restaurar**.

## Restaurar curso

[Taboleiro](#) / [Os meus cursos](#) / [probas\\_sainza](#) / [Restaurar](#)


### Importar un ficheiro de copia de seguridade

Ficheiros



Escolla un ficheiro...

Tamaño máximo para ficheiros novos: 800MB



Restaurar

5. A seguinte pantalla amosa detalles do contido da copia de seguridade. Prema **Continuar**.
6. Na seguinte pantalla terás que escoller entre:
  - a. Restaurar como novo curso.
  - b. Restaurar dentro deste curso.
  - c. Restaurar dentro dun curso existente.
  - d. Escolle a opción que desexes e preme en **Continuar**.
7. A continuación, aparecerá a pantalla de configuración da instalación. Selecciona as opcións que prefiras e preme en **Seguinte**:
  - a. O máis habitual neste paso e que deixando as opcións que aparecen por defecto a restauración se execute correctamente.
8. O contido do curso desglosado aparecerá na seguinte pantalla. Podes optar por eliminar ou engadir contido. Cando esteas seguro do que queres incluír no teu curso, preme en **Seguinte**.
9. Verás unha pantalla na que podes revisar todas as opcións que fixeches para o teu curso, pero onde non poderás facer modificacións. Se todo é correcto preme en **Executar restauración**.
10. Aparecerá unha barra de progreso da instalación. Agarda a que remate.
11. Finalmente aparecerá unha pantalla informando do éxito da operación.